


“A olimpíada do saber”

bases xerais do concurso


- Establécense unha soa modalidade:
 - ESO e BACHARELATO
- Cada día, de Luns a Venres ás 10:15 a.m. publicarase nos taboleiros do vestíbulo e da entrada da Biblioteca, “A pregunta do día” unha pregunta de cultura xeral.
- Ademais, todas as semanas, alternativamente, proporase, ademais da pregunta diaria, “A Aposta da Semana” ou o xogo de “Pista a Pista”(Ver bases).
- **A inscrición de equipos farase na Biblioteca** en calquera momento, antes ou durante a Olimpíada
- O profesor encargado da Olimpíada (Xosé Manuel Martínez Fraguela) dará fe da entrega das respostas
- Ao remate da Olimpíada, e en caso de empate, celebrarase un desempate en lugar e hora axeitadas.
- Os equipos estarán compostos por cinco membros como máximo, **PODENDO SER OU NON DA MESMA CLASE, CURSO e NIVEL (ESO e BACH.)**.
- O equipo que ao final acade máis puntos será o gañador do concurso.
- Os profesores/as non deben resolverlles a pregunta, como única axuda poden orientalos sobre o tipo de libros a consultar.
- Se o xurado detecta outro tipo de axuda descalificará ao equipo concursante.
- En caso de **reclamación, ésta entregarase por escrito na Biblioteca** antes das 10:15 do día seguinte á publicación da resposta motivo da citada reclamación.
- **Os premios** consistentes en material deportivo e/ou cultural, serán:
 - 1º premio por valor de **150 Euros** ó equipo clasificado en 1º lugar
 - 2º premio por valor de **100 Euros** ó equipo clasificado en 2º lugar
 - 3º premio por valor de **50 Euros** ó equipo clasificado en 3º lugar



“A Pregunta do día”

bases


- ♣ Todos os días ás 10:15 publicarase unha pregunta de cultura xeral.
- ♣ Os equipos terán **24 horas para contestar a pregunta**; nese tempo poden consultar calquera libro que desexen.
- ♣ O equipo que resolva a pregunta e entregue a resposta por escrito na biblioteca do centro, antes das 10:15 h. do día seguinte á súa publicación, gañará **un punto**. (Só se admite unha resposta por equipo)
- ♣ Ao día seguinte publicarase a resposta correcta á pregunta



“PISTA A PISTA”

BASES

- ♣ Este xogo ten unha duración de **5 días**, de luns a venres.
- ♣ **Cada día** publicarase **unha pista**.
- ♣ Están en xogo **5 puntos**
- ♣ **Por cada pista publicada restarase 1 punto** dos que queden en xogo.
- ♣ Todos os equipos que participan na olimpiada poderán contestar unha vez por cada pista
- ♣ Se a resposta entregada non é correcta, **non se restará ningún punto**, e o equipo poderá seguir participando no xogo.
- ♣ A última resposta entregada anulará as anteriores.



“A aposta da semana”

Bases

- ♣ Este xogo ten unha duración de 5 días, de luns a venres.
- ♣ Consistirá nunha pregunta de inxeniería.
- ♣ Están en xogo 3 puntos.
- ♣ Se acertas a aposta, levas tres puntos.
- ♣ Se fallas a aposta descontámosche tres puntos.
- ♣ Os equipos dispoñen de toda a semana para dar a súa resposta.
- ♣ Admitirase máis dunha resposta, se a primeira foi equivocada. Cada vez que apostes xogas tres puntos.
- ♣ A resposta ou respostas deberán entregarse antes do venres ás 10:15 a.m.